

SAN ROSENDO

INVENTA UNHA FLOR


CANIDO 2014

VOA-VOA

Un día no recreo Darío atopou un mapa dun tesouro. O tesouro era una flor que se chamaba Voa-voa.

Os nenos que ulirán esta flor voarían. Entón ese mesmo día empezamos a buscar. Dous pasos á esquerda, catro á dereita, seis saltos para diante e de repente alí estaba.

Fomos correndo a ulimos e voltamos voando todos xuntos á clase de Lingua




A FLOR MÁXICA

O meu avó regaloume una semente, planteina no meu xardín e aos cinco minutos floreceu. Era una rosa fermosa e aos dous minutos dixo:

-Ola, chámome Lúa e son máxica, son coma un xenio, se me acaricias concedereiche tres desexos, non minto!

O teu avó cando foi de viaxe a Italia, encontróme tirada no chan e parecílle tan fermosa que pensou que che gustaría plantarme no teu xardín.

Para saber se era verdade pedílle os tres desexos e cumpríronse, por iso coidarei a flor para sempre.



FIN

A FLOR DO ARCO DA VELLA

Érase una vez una flor que se chamaba Noa, e era a flor do Arco da Vella porque tiña un pétalo de cada cor, vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e morado.

Tamén ten uns pés largos e fortes en vez de raíces.

O que quere Noa é descubrir o seu talento, entón pregunta ás flores se o saben. Pero ninguén o sabe.

Entón un día a Flor da Primavera ensinoulle a bailar claqué, e en pouco tempo xa o facía mellor ca outra flor.

E Noa descubriu o seu talento, e sempre canta e baila claqué con esta canción:

verde, laranxa, amarelo

vermello, azul e morado.

E, ao final está contenta bailando claqué e cantando.



FLORI

Había una vez una flor que se chamaba Flori, e sentiase moi triste porque estaba soa no seu xardín.

Choraba e choraba, ela quería ter máis flores preto para ter amigas e poder falar con elas.

Un día o dono do xardín deuse conta do triste que se encontraba e entón decidiu plantar unas semelliñas para que naceran outras floreciñas.

Despois dun tempo, empezaron a medrar as novas plantiñas. Pronto Flori comezou a ter moitas amiguiñas e a sentirse moi, moi fermosa con tantas floreciñas de cores.



Triste flor do meu xardín
branca coma a lúa chea
tan fermosa nunca vin
pero os demais vena fea.


As compañeiras déixana soa
entre herbas e pedras queda,
bágoas de tristeza bota,
dame ganas de collela.

O ceo está anubrado
a chuvia comeza a caer
o sol sae cantando
e o arco da vella tamén.

Arco da vella, arco da vella,
faiame un favor,
pinta a esta pequena flor
cada pétalo dunha cor.

Raiña do meu xardín
pintada con sete cores,
todos miran para ela,
envexa de todas as flores.

Flor de cores, flor de cores,
un bico queresme dar
achego a miña meixela
e a miña nai veume espartar.



O SOÑO DE ANISETA

Baixo unha seta
moi coqueta,

vívía a nosa amiga Aniseta.

Era unha fermosa flor,
cunha bonita cor
e un agradable olor.

A nosa amiga Aniseta
quería aprender a voar
como unha bolboreta,
pero como non podía
estaba tristeira todo o día.

Unha mañá soleada
apareceu unha fada,

ela asustada preguntou:
que pasaba?

A fada contestou:

Se queres un desexo eu cho dou

E a nosa amiga Aniseta respondeu:

Quero voar coma unha bolboreta.

A fada chamou a unha xoaniña

que chegou axiña

e lle deu unha voltiña.

Había fermosas cores,
paxaros e olores.

Todo lle gustou

e tan contenta quedou

que esta historia rematou

SARA MOURELOS
3º E.P.



De Verdiña a Coloriña

Érase unha vez, unha flor que tiña todos os pétalos verdes coma o seu talo. Vivía nun campo cheo de flores de moi fermosas cores. Todos os animais e plantas mofábanse dela.

Á flor chamábanlle "Verdiña", sempre estaba chorando, e dicíalle a súa única amiga a mariquiña:

— Grazas por escoitarme, miña amiga; todos mófanse de min, porque os meus pétalos son moi feos.

E a mariquiña díxolle:

— Non te preocupes. Non importa o que hai fóra, senón o que hai dentro, e eu sei que chegarás a grandes cousas.

Despois duns días apareceu unha gran tormenta e verdiña atopouse cunha fada moi acatarrada e morta de frío. Ninguén quixo axudala. Pero Verdiña díxolle:

— Ven aquí, eu te axudarei.

A fada púxose entre os moitos pétalos que tiña Verdiña e cando pasou a noite... Saiu o arco da vella!

A Verdiña gustábanlle moito as súas cores e sempre que aparecía poñíase moi, moi contenta...

Entón a fada, mentres Verdiña durmía, púxolle a Verdiña un pétalo de cada cor.

A xente, as plantas e todos os animais que se achegaban alí quedaban abraiados do seu resplandor.

— É a cousa máis bonita que vira na miña vida - repetían todos sen parar.

— Que foi o que sucedeu? - preguntábanse.

Resultou ser a flor máis fermosa do campo, e ata alí chegaban animais de moi lonxe para vela. Aínda que se fixo moi famosa, a súa mellor amiga seguía sendo a mariquiña porque lle daba igual como fose por fóra: fea ou fermosa, a quería o mesmo.

Entón a xente deixou de chamala Verdiña e agora chámanlle todos Coloriña.



rosiflor

A Rosiflor

é bela coma unha rosa.

E brilla coma un sol.

É a xoia do xardín,


a flor máis bonita que eu vin.

Nace en primavera

con todo o seu esplendor,

e alá por onde mires,

podes ver esa flor.



Pablo Vázquez González - 4º E.P.

a MARGARIDA XIGANTE

Había unha vez nun pobo unha margarida xigante. Aquela margarida crecera tanto polo amor que lle daba o seu dono.

Cando o seu dono morreu, todo o pobo se fixo cargo dela; regábana, dábanlle de comer e limpábanlle os pétalos e os sépalos cun plumeiro que lle facía cóxegas.

Con tanto amor, a margarida seguía crescendo sen parar, a cambio os habitantes do pobo disfrutaban de todo o que a margarida lles daba: sombra no verán, facía que o pobo ulira moi ben, facía que o aire estivera máis limpo e puro, facía que o pobo fora máis bonito. Era tanto amor do pobo coa margarida que lle cambiaron o nome ao pobo chamándolle VILAMARGARIDA.

Un día, a finais de outono, os habitantes do pobo notaron que algo lle pasaba a planta, caéranlle algúns pétalos, a súa cor estaba falta de brillo e o seu talo dobrábase cara o chan; entón, chamaron ao mestre da escola, que era o que máis sabía de bioloxía, para que averiguara o que lle pasaba a flor.

O mestre, despois de examinala, pensou que o que lle pasaba era que lle faltaba compañía de alguén coma ela, e decidiu que o mellor era plantar outra margarida ao lado dela.

Así o fixeron. Plantaron outra margarida ao lado dela e dende aquel día a margarida non volveu ter problemas de saúde; e, como a outra margarida crecera tanto como a primeira, volveron a cambiarlle o nome ao pobo para chamarlle VILAMARGARIDAS.



a flor

Había unha vez unha flor pequena
coma unha pequena xoaniña
os seus pétalos pinchaban
cando ela se asustaba.




Era coma unha bolboreta
porque era de cor violeta
é as súas follas tiñan tanta cor
que lucían con moito esplendor.

En todo o val non había flor mellor
que tivese tanta cor.


flor de amor

Soíña, na beira do mar, preto da area,
hai unha flor que vese cando baixa a marea.
Os vellos mariñeiros cando saen pescar
a vislumbran dende alta mar.



Eles acórdanse dos seus fillos,
cando a ven dende os seus barquiños.
e dende alta mar con moita dor,
din todos eles que é a Flor de amor.

Flor de amor, quédate na area
e non te vaias coa marea!
Os mariñeiros están agradecidos,
cos teus pétalos enroxeidos.



MARIOLINA

A flor da miña vida,
a máis bonita, a que máis brilla,
ten raíces de cores,
e tamén moitos amores.

Gústalle pasear á luz do sol
co seu amigo o caracol.
Mariolina, Mariolina,
a máis bonita, a que máis brilla.

Os seus amigos xogan con ela
nun campo cercano xunto as ovellas.
Gústalle xogar á pelota,
cos seus amigos bota e bota.

Ás veces Mariolina xoga ao "pilla-pilla"
coas súas amigas as formiguiñas.

A flor da miña vida,
a máis bonita, a que máis brilla,
ten raíces de cores,
e tamén moitos amores.